

## **NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA**

### **HORARIO E ATENCIÓN**

- A biblioteca permanecerá aberta durante todo o período lectivo. Procurarase que estea atendida por profesorado específico durante o maior número posible de horas.
- En horario lectivo exclusivo das ensinanzas para persoas adultas ou en calquera outro momento que non haxa dispoñibilidade de profesorado específico, será o membro do equipo directivo que estea de garda quen se encargue de atender as demandas dos usuarios.
- Nos períodos de vacacións nos que o centro permaneza aberto, a biblioteca tamén estará a disposición dos usuarios, sendo responsabilidade do equipo directivo a atención dos usuarios.
- As persoas alleas á comunidade educativa que queiran usar a biblioteca deberán contar coa autorización do equipo directivo.

### **NORMAS XERAIS**

- O alumnado non poderá permanecer na biblioteca namentres ten clase, agás que estea acompañado ou conte co permiso do profesor ou profesora da materia correspondente.
- Débese manter en todo momento silencio e unha conduta correcta, gardando o debido respecto cara o resto dos usuarios.
- Débense coidar as instalacións, mobles e material da biblioteca.
- Non se pode comer nin beber no recinto da biblioteca.

### **PRÉSTAMOS**

- Calquera membro da comunidade educativa poderá facer uso do servizo de préstamo. O profesorado encargado da biblioteca será o responsable de rexistrar os préstamos.
- O período de préstamo de libros será de quince días naturais. Unha vez rematado este prazo poderase renovar unha única vez por outros quince días. Os DVD, vídeos, etc, poderanse retirar por un período máximo de cinco días. Para prorrogar un empréstimo será necesario presentar o volume emprestado.
- Poderanse retirar como máximo tres exemplares en préstamo, independentemente do seu formato (libro, película, revista, etc).
- Os materias de consulta máis habitual, como dicionarios, enciclopedias, atlas, etc, non se poderán retirar fóra da biblioteca, agás que, por necesidades didácticas, sexan solicitados expresamente polo profesorado.
- O deterioro ou perda de material da biblioteca suporá a súa reposición ou abono en metálico.

- En caso de incumprimento dos prazos de devolución os usuarios serán sancionados con dous días de privación de facer uso do servizo de empréstito por cada día que se retrasen en devolver os volumes que collesen previamente. Cando un usuario sexa reincidente na demora nos prazos de devolución poderá aumentarse o período de sanción indicado anteriormente.

## **USO DOS COMPUTADORES**

- Utilizaranse unicamente para a consulta e realización de traballos.
- En cada computador só poderán permanecer como máximo dous usuarios á vez.
- A entrada en internet queda restrinxida á consulta de páxinas web con finalidade educativa. En caso de dúbida sobre a consideración dunha páxina, corresponde ao profesorado responsable da biblioteca en cada momento decidir sobre devandito aspecto.
- Non se pode variar a configuración dos computadores nin instalar calquera tipo de aplicación informática sen autorización previa do profesorado responsable da biblioteca.
- A impresión de traballos ou consultas débese comunicar previamente ó profesorado responsable da biblioteca nese momento, para que este proceda a dita impresión no ordenador do profesorado.
- Ó remate da sesión, os usuarios deben deixar os ordenadores apagados.
- Os ordenadores da mesa do bibliotecario son de uso exclusivo do profesorado. Un deles úsase só para a xestión da biblioteca.
- Calquera transgresión das normas implicará a inmediata expulsión da biblioteca, ademais de posibles sancións.